



1. Proba de lingua galega

1.1 Formato da proba

Formato

- A proba consta de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- Un punto por cuestión correctamente contestada.
- Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 45 minutos.

Procedemento

- En cada unha das cuestións, sinala a resposta correcta rodeando cun círculo a letra elixida. Se quere rectificar, risque a letra elixida e rodee cun círculo a opción que considere correcta.
- Neste caderno de exame pode realizar as anotacións que desexe.
- Traslade despois as respostas elixidas á folla de respostas.



1.2 Exercicio

Texto 1

De cativo, cando espertaba asustado, con pesadelos que invadían a miña noite, debíase a que soñaba con personaxes estraños e, vistos desde hoxe, tamén queridos. Os medos do meu inconsciente procedían do baúl clásico da tradición oral: as bruxas (sobre todo aquelas das que se dicía que mexaban no leite dos veciños), o home do saco (aquele temible ser co que a miña avoa me ameazaba acotío); o lobicán (especialmente un que seica vivía ao pé do pozo ao que non querían que eu asomase).

Logo, a medida que a miña infancia se foi facendo urbana, os meus medos mudaron para adoptaren ese rostro do individuo descoñecido, sobre o que tanto me advertiron, que che pode botar a man ao pescozo desde un portal escuro nunha rúa pouco transitada; ou para enchérense de pingas dese temor amargo a que túa nai non retorne un día á casa vítima dun atropelo na rúa.

Logo chegou a adolescencia, onde toda a vida é un medo, pura vertixe, reto e exploración ignota: é cando semella que o chan treme baixo os teus pés e, coma nun barco, tes que botar man de algo ao que agarrarte.

Pero tamén a adolescencia pasa, e chega a idade adulta e, no meu caso, os medos, na súa maioría, disipáronse ou permaneceron ao ralenti murmurándome ao oído con voz razoable. E, agás o meu arraigado pánico ao dentista, os temores comportáronse comigo civilizadamente.

Fran Alonso, "Pesadelos", *A Nosa Terra dixital*.

1. Cal é o tema do texto 1?

- A A maduración como posibilidade de superar os medos.
- B A precaución como forma de actuar ante os medos.
- C A necesidade do medo para manter o control dos nenos.

2. No texto 1, os medos:

- A Refírense sempre ao mundo da fantasía.
- B Desde a fantasía, van achegándose á realidade.
- C Refírense sempre á realidade inmediata.

3. O conxunto formado polos termos *cativo*, *adolescente* e *adulto* é:

- A Un campo semántico.
- B Unha serie de sinónimos.
- C Unha familia léxica.

4. A palabra *seica* (líña 4) no texto 1 significa:

- A Abertamente.
- B Talvez.
- C Malia.



5. Indique o significado da palabra *acotío* (liña 4).

- A Frecuentemente, continuamente.
- B Ocasionalmente, circunstancialmente.
- C Desordenadamente, imprevisiblemente.

6. *Adoptaren* (liña 5) é:

- A Presente de subxuntivo.
- B Infinitivo conxugado.
- C Condicional.

7. Segundo a súa forma, que tipo de palabra é *lobicán* (liña 4)?

- A Composta.
- B Simple.
- C Derivada.

8. Os temos *estraños*, *oral* e *pura*, que tipo de palabras son?

- A Adverbios.
- B Substantivos.
- C Adxectivos.

9. Indique cal das tres opcións é correcta:

- A A vertixe, o montaxe, o garaxe.
- B A vertixe, a auxe, a mensaxe.
- C A vertixe, a aldraxe, o paxe.

10. *Inconsciente*, *oral* e *enchérense* son, respectivamente, palabras:

- A Aguda, esdrúxula e sobreesdrúxula.
- B Grave, aguda e esdrúxula.
- C Aguda, grave e sobreesdrúxula .



Texto 2

Teño trinta e cinco anos e dúas endodncias. Teño un número de afiliación á Seguridade Social e vinte díxitos na conta da caixa de aforros. Teño memoria, escasa, e unhas cantas sensacións repetidas. Conservo o *escaléxtric* da infancia e as medias da selección española de fútbol do oitenta e dous. Teño un coche de pneumáticos desgastados que me leva á casa da aldea. Gádoche rancor porque perdiches o meu vinilo preferido e cóidolle do can mentres vai na praia. Teño moitos aniversarios que felicitar e réstanme unhas cantas vodas amigas ás que acudir. Preciso cambiar o cepillo de dentes e meter o peixe fresco no frigorífico. Teño que mercar aguacates ben maduros. Teño que tirar o lixo e renovar o DNI. Teño dor de costas, alopecia, colecciono pósteres dos Rolling. Teño facturas por pagar.

Fun mercado, alugando, observando, escoitando, ateigando, camiñando mundos que, á fin, non nos han servir na marcha última porque nos han cobrar recargo por sobrepeso no aeroporto cara ao ceo. Pero, aínda así, esmérome cada día en preservar e coleccionar obxectos, papeis numerados, pactos traizoados, crenzas, querereres e un soño. Teño vulto para tan pouca vida. Non me chega o tempo de lecer. Non me chega o tempo, tan atarefado que ando en carrexar para a casa propia caralladas, coma formiguiña previsora. E tanto premeditar faime desesperar, pois apenas me queda tempo para coñecer os cinco continentes, o da Coruña, o de Madrid... e uns cantos centros comerciais. Teño que facer a pedicura, teño unha casete do Fary, teño medo... teño pavor. Teño unha boneca vestida de azul, unhas plantas que transplantar, unha chea de panos de cociña da feira de Valença. Teño augardente e terróns de azucre. Debo de ir á manifestación. Teño que ir.

Teño de todo. Menos a ti. Teño o consolo de que noutra reencarnación te hei ter, porque desta vez, na cinta do aeroporto cara ao ceo, non me van deixar levarte, por sobrepeso.

Iolanda Zúñiga, *Vidas pos-it*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2007.

11. O texto 2 é un relato irónico; cal é o seu tema?

- A As cargas superficiais da vida e a ausencia do esencial: o amor.
- B As pertenzas do protagonista entre as que se encontra o amor.
- C As manías e os desexos na vida e a necesidade de coleccionar.

12. Este é un texto narrativo. Quen é o seu narrador?

- A Un narrador en terceira persoa.
- B O protagonista, que fala en primeira persoa.
- C Alguén que fala en segunda persoa.

13. Do texto 2 dedúcese que o protagonista se encontra:

- A Apresurado.
- B Ilusionado.
- C Desacougado.

14. *Ateigando* (líña 8) correspóndese con:

- A Apresurando.
- B Abafando.
- C Enchendo.

15. Que significa no texto 2 a expresión *cara ao ceo* (líña 9)?

- A De costas ao ceo.
- B En dirección ao ceo.
- C Por baixo do ceo.



16. A palabra *aeroporto* (liña 9) é, en canto á súa forma:

- A Simple.
- B Derivada.
- C Composta.

17. De que tipo son os pronomes persoais *che, lle, me* (liñas 4 e 5)?

- A Pronomes átonos de obxecto directo e indirecto.
- B Pronomes tónicos de suxeito.
- C Pronomes tónicos de compañía.

18. *Teño que facer* (liña 13), morfoloxicamente, é:

- A Unha perífrase verbal.
- B Un tempo composto.
- C Un complexo verbal.

19. A contracción *á* (liña 3) está formada por:

- A O artigo determinado *a* e a conxunción *a*.
- B A preposición *a* e o artigo determinado *a*.
- C A conxunción *a* e o artigo determinado *a*.

20. Cal é a serie correcta?

- A Voda, avoa, barrer, abogado e vasoira.
- B Voda, aboa, varrer, avogado e basoira.
- C Voda, avoa, varrer, avogado e vasoira.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

1.3 Exercicio de redacción en lingua galega (10 puntos)